F/ 2024/195	22/01/20 24	PE- 28100011 124	09/01/20 24	67,9	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/196	22/01/20 24	PE- 28100011 224	09/01/20 24	7,89	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 /

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
							Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/199	22/01/20 24	PE- 28100010 624	09/01/20 24	14,53	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/203	22/01/20 24	PE- 28100010 824	09/01/20 24	117,62	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/204	22/01/20 24	PE- 28100010 924	09/01/20 24	47,61	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/205	22/01/20 24	PE- 28100011 024	09/01/20 24	189,81	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/206	22/01/20 24	PE- 28100011 324	09/01/20 24	89,21	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/207	22/01/20 24	PE- 28100011 424	09/01/20 24	43,46	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
2024/209	24	28100011 424	24		19	ELECTRIC, S.L.	Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/276	24/01/20 24	PE- 28100008 924	09/01/20 24	8,68	B375476 19	VIGIN ELECTRIC, S.L.	Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Potencia P2 / Reactiva / Exc
F/ 2024/345	03/02/20 24	9041N13 75351502 4	01/02/20 24	788,61	B881814 41	ELECTRICI DAD ELEIA SL	P1 23 kW x 31 Días x 0,054745 E/kW día / P2 23 kW x 31 Días x 0,049038 E/kW día / P3 23 kW x 31 Días x 0,027404 E/kW día
F/ 2024/438	08/02/20 24	Emit- 18	08/02/20 24	2042,64	B703563 57	SOCORRO PEREZ S.L.	GRLLETES INOX / PAQUETE BRIDAS 780x90 / DESATASCADOR EXTREM / BOMBA SUMERGIBLE GC-DP- 1340G / DESATASASCADOR MUELLE 5MT /
F/ 2024/450	02/01/20 24	339	31/12/20 23	110,34	76364130 J	JUAN MANUEL CALVO ROMERO	CARTONES PICAR, ROLLOS PAPEL KRAFT PRESTIGE, ROLLOS FIXO, BOLIGRAFOS,

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
							LAPICES, GOMAS, TIJERA PAPEL, POST-IT, ROTULADORES
F/ 2024/451	02/01/20 24	348	31/12/20 23	247,57	76364130 J	JUAN MANUEL CALVO ROMERO	AGENDAS, TARJETAS NAVIDAD, POSTALES NAVIDAD, CARPETAS SOBRE.(SERVICIOS SOCIALES)
F/ 2024/452	02/01/20 24	349	31/12/20 23	294,76	76364130 J	JUAN MANUEL CALVO ROMERO	TARJETAS NAVIDAD, TARJETAS AYUDA EN ACCION, PACK UNICEF NAVIDAD, POSTALES NAVIDEÑAS, AXENDAS 2024, AGENDA FINOCAM (CASA
F/ 2024/454	17/01/20 24	20233515 800BO10 L000033	09/11/20 23	108,05	P150000 0C	Deputacion Provincial	ANUNCIO PUBLICACION URXENTE APROBACION PROVISIONAL MODIFICACION ORDENANZA IBI
F/ 2024/455	17/01/20 24	20233515 800BO10 L000034	09/11/20 23	128,47	P150000 0C	Deputacion Provincial	PUBLICACION URXENTE NO BOP DO ANUNCIO APROBACION PROVISIONAL

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
							MODIFICACION ORDENANZAS LIXO, CEMENTERIOS E AUGA
F/ 2024/460	09/02/20 24	Emit- 1163	09/02/20 24	693,56	B703563 57	SOCORRO PEREZ S.L.	TORNILLOS INOX+TUERCA / GRASA SPRAY / ABRAZADERA 125 / CODOS MULTIACAPA 16RH3 / TE MULTICAPA 16RH / GUANTES / VARILLA IN

TERCEIRO.- Aprobar o pago da liquidación nº 1023 de data 07/02/2024 do xantar da casa correspondente o 4º trimestre de 2024 por importe de 1.170,40€.

CUARTO.- Aprobar o pago a Augas de Galicia das liquidacións emitidas en concepto de canon de xestión de depuradoras nos usos urbanos da auga, detallados a continuación:

LIQUIDACIÓN	PERIODO	IMPORTE TOTAL	CONCEPTO
U/016/016/0003	1º Cuadrimestre 2023	24.611,72 €	Canon de xestión das depuradoras nos usos urbanos da auga (Edar da Ponte do Porto)
U/016/016/0004	1º Cuadrimestre 2023	777,49 €	Canon de xestión das depuradoras nos usos urbanos da auga (Edar de Camariñas)
U/016/016/0005	2º Cuadrimestre 2023	2.551,71 €	Canon de xestión das depuradoras nos usos urbanos

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

LIQUIDACIÓN	PERIODO	IMPORTE TOTAL	CONCEPTO
			da auga(Edar da Ponte do Porto)

QUINTO.- Aprobar o gasto e recoñecer as obrigas correspondentes con cargo á aplicación 132.46200 do Orzamento da Corporación para o ano 2024 os concellos detallados polos servizos prestados segundo os convenios asinados en materia de colaboración da policía local de :

CONCELLO	DATA	IMPORTE TOTAL	EVENTO
Sta Comba	15, 16 e 17 abril 2022	480,97 €	Verbena Virxe do Monte 2022
Carnota	21 de abril 2023	198,00€	Verbena de San Xurxo 2023
Muxía	21 de abril 2023	198,00€	Verbena de San Xurxo 2023
Sta Comba	21 de abril 2023	198,00€	Verbena de San Xurxo 2023

SEXTO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga o Concello de Vimianzo da aportación municipal correspondente os gastos non subvencionables pola Consellería de Economía, Emprego e Industria do Programa de Emprego “Camiño ao Emprego 2022”, por importe de 4.988.91 €.

SÉTIMO.- Que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se de traslado da presente resolución os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias e procedan o seu pagamento”.

A Alcaldesa dálle a palabra a dona Paula quen di que non vai repetir o que xa dixo nos anteriores REC, que van votar en contra e que so piden que intenten xestionar ben.

Don Xurxo pregunta se o reparo de carácter suspensivo non se levanta ou en que momento se levanta, a interventora contesta que no momento da aprobación por parte do pleno se levanta o reparo suspensivo. Unha vez resolta a dúbida, don Xurxo insiste en que ten que haber orzamentos en tempo e forma, para minimizar isto ao mínimo posible, e o seu voto vai seguir sendo en contra mentres non haxa orzamentos municipais.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Alcaldesa contesta que neste caso aínda que houbera orzamento houbera pasado o mesmo.
Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado.

Votación

Votos a favor: 8

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 5

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: APROBADA.

6º.- Mocións de urxencia

6.1.- Proposición para o reaxuste do límite municipal entre os Concellos de Camariñas e Vimianzo.

A Alcaldesa sinala que hai un escrito do grupo mixto-BNG presentado en data 11 de marzo de 2024, rexistro de entrada 20249990000187, que se vai tratar como moción, polo que procédese á votación da urxencia co seguinte resultado

Votos a favor: 13

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, don Xurxo Manuel Rodríguez Baña expón a seguinte proposta que obra no expediente e que a continuación se transcribe:

**“PROPOSICIÓN PARA O REAXUSTE DO LÍMITE MUNICIPAL ENTRE OS CONCELLOS DE
CAMARIÑAS E VIMIANZO NO LUGAR DE LEXAS
(Entres as parroquia de Carantoña e Ponte do Porto)**

Xurxo Manuel Rodríguez Baña concelleiro portavoz do Grupo Mixto -Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte PROPOSTA para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

O límite municipal entre os termos municipais de Camariñas e Vimianzo foi apeado e acordado, como así se recolle na acta de deslinde realizada o 2 de agosto de 1930.

Dende mediados dos anos 90 coas elaboracións da planimetría dixital da Xunta de Galicia, o deslinde municipal entre ambos termos foi mal representado nesa cartografía e trasladado ese erro aos respectivos documentos de planeamento, NSP de Vimianzo no ano 1994 e máis adiante, no 2012, ao PXOM de Camariñas.


Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA




Mapa 68 1-2 das NSP de Vimianzo

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA



Estes documentos non recollen o deslinde acordado no ano 1930 e que neste lugar establece varias referencias, aínda presentes hoxe en día, para establecer os fitos de marco de termo.

Estes marcos son identificados nesta actas como:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

“mojón 11” – cruz de granito empotrada por su brazo mayor en un taladro practicado en otra roca de granito que sirve de basamiento...”



FOTOGRAFÍA DO FITO DE TERMO “MOJÓN 10”

Coordenadas UTM actuais ETRS89 Z29N X,Y: 491.439,80 e 4.776.485,91



“Mojón 11”, “...una pedra de forma y dimensiones irregulares que está situada en la cuneta de la carretera que va de Vimianzo a Camariñas ...”



FOTOGRAFÍA DO FITO DE TERMO “MOJÓN 11”

Coordenadas UTM actuais ETRS89 Z29N X,Y: 491.467,79 e 4.776.312,25



“mojón 12” “...una pedra redonda que tiene en el centro su taladro de forma cuadrangular de unos veinte centímetros de lado. Esta roca es el basamento de un antiguo crucero ...”

FOTOGRAFÍA DO FITO DE TERMO “MOJÓN 12”



Coordenadas UTM actuais ETRS89 Z29N x,y: 491.491,66 e 4.776.241,13




Mapa co limite segundo a acta de 1930 sobre foto aérea do PNOA 2020





Superposición do límite recollido nas actas de 1930 sobre o PXOM de Camariñas



CVD: PzEr/tCgX4xJVpm0SAjn
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Superposición do límite recollido nas actas de 1930 sobre as NSP de Vimianzo





Axuntase copia das actas xunto coa proposta.

Visto que o límite recollido nos instrumentos de planeamento dos termos municipais de Camariñas e Vimianzo non se axustan ao establecido nas actas correspondentes formulamos a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Que o concello de Camariñas proceda cos trámites para a modificación do PXOM de Camariñas rectificando o deslinde actual dos termos municipais de Camariñas e Vimianzo e recollendo o límite do termo municipal segundo as actas de 1930.*
- 2. Se inicien os trámites de lle comunicar ao Instituto Xeográfico Nacional que o deslinde recollido na súa cartografía non se axusta ás actas de deslinde e que proceda a súa rectificación*

Asina

Xurxo Manuel Rodríguez Baña”

Don Xurxo entende que non é unha cuestión urxente, pero que debería arranxarse. A Alcaldesa di que falou coa arquitecta e que é unha cuestión que hai que tratar conxuntamente, eles tiveron unha reunión co arquitecto e a Alcaldesa de Vimianzo, pero o Plan Xeral estivo en exposición pública e Vimianzo non alegou nada e a empresa que fixo o plan o puxo así, eles poden votar a favor, pero para o momento no que se faga unha modificación, pero non só para iso.

Don Xurxo di que só pide que se teña en conta ese erro, no momento no que se poida e que a moción tamén se presentará en Vimianzo.

Dona Paula di que eles non viron a moción e que por iso vanse abster e don Juan Carlos pide a palabra para dicir que a casa de Constante colle Camariñas, e por detrás na Pereira, colle Vimianzo e hai unha pista. Don Xurxo di, que do camiño para Vimianzo é Vimianzo e que son fitos moi marcados.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000004

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 4

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta

Estado: APROBADA.

6.2.- Moción de apoio ás reivindicacións dos colectivos feministas con motivo da celebración do 8-M

A Alcaldesa sinala que hai unha moción do grupo mixto-BNG presentado en data 4 de marzo de 2024, rexistro de entrada 202499900000167, polo que procédese á votación da urxencia co seguinte resultado

Votos a favor: 13

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, don Xurxo Manuel Rodríguez Baña procede á lectura da moción que a continuación se transcribe:

“MOCIÓN DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M

Xurxo Manuel Rodríguez Baña concelleira/o do Grupo Mixto -Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:



Cada 8 de marzo o movemento feminista internacional sae á rúa para reivindicar a igualdade de dereitos das mulleres conseguindo nos últimos anos desenvolver mobilizacións absolutamente históricas.

O apoio en Galiza a todas as mobilizacións feministas foi multitudinario, o que demostra a fortaleza do movemento feminista galego, por iso hoxe, desde aquí, desde o Concello de Camariñas facemos un chamado a todas as veciñas e veciños para que este ano tamén se conten por miles as persoas que esiximos a construción dunha sociedade máis xusta e se sumen ás convocatorias que se farán en toda a comarca.

Somos conscientes de que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se pode perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes. Ademais, vivimos nos últimos meses acontecementos e indicadores preocupantes no ámbito do lecer, do deporte ou das condicións das traballadoras que dependen de contratas públicas.

Non só é necesario non dar un só paso atrás, senón que a Galiza que vén precisa pasos adiante para avanzar en igualdade, medidas que aborden a educación en igualdade nos e nas máis novas, medidas que supoñan avances nos dereitos laborais e na mellora dos recursos contra a violencia machista.

Ante a nova constitución do Parlamento Galego, é preciso sermos esixentes en materia de igualdade e esixir que as políticas públicas establezan o seu centro de gravidade nas reivindicacións do feminismo galego

Polas que foron, polas que son e polas que serán. Para todas, todo.

Para o Concello de Camariñas, traballar a prol dos dereitos das mulleres é e debe ser un compromiso prioritario que atravesese todas as áreas e políticas do goberno e seguiremos traballando nesa liña para conquistar a igualdade plena e aquí esta o BNG para reivindicar a necesidade de seguir loitando para avanzar da man do feminismo. Cando o feminismo avanza, ninguén queda atrás.

Por todo o exposto sometemos a debate e votación a proposta da adopción do seguinte

ACORDO:

1. A través todas as canles ao alcance do Concello de Camariñas apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do



debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2. Esixir do novo goberno da Xunta estas medidas urxentes para avanzar en igualdade:

a) Apostar pola igualdade no ensino, recuperando a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24 para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual; estender e asegurar protocolos contra o acoso lgtbifóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

b) Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza.

c) Impulso dunha lei de igualdade no deporte na que se incorporen, entre outras medidas, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbifóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG”.

A Alcaldesa toma a palabra para dicir que despois de esta semana na que houbo unha muller morta en Ribeira e os nenos asasinados polo pai, cree que non debe darse un paso atrás e que o seu grupo votará a favor da moción.

Dona Paula toma a palabra para dicir que é un tema moi importante e moi delicado e non lle gusta a moción porque é partidista, parece mais un mitin que unha moción e chega tarde se nos referimos ao 8M, e cando son temas así, eles están a disposición para reunirse e promover mocións conxuntas.

A Alcaldesa di que neste caso fálase do BNG porque o presenta él, e o PSOE tiña a súa moción, pero non a presentan porque vanse unir a esta.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 4

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta

Estado: APROBADA.

6.3.- Moción sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo

A Alcaldesa sinala que hai unha moción do grupo municipal PP presentado en data 18 de marzo de 2024, rexistro de entrada 202499900000216, polo que procédese á votación da urxencia co seguinte resultado

Votos a favor: 13

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, dona Paula Mouzo Mas procede á lectura da moción que a continuación se transcribe:

“MOCIÓN SOBRE A NORMATIVA RESPECTO DOS GALIÑEIROS DE AUTOCONSUMO



En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións - corrais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O artigo 16.5 determina o seguinte: “Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas.”

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.

Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuíto, están tendo unha maior carga de traballo xa que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.

Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona.

En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.

Insistimos que o sector primario soporta unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural.

Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación de Camariñas a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de



rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma”.

Don Sergio procede á lectura ao argumentario que mandou o seu partido en relación con esta cuestión “A norma que entrou en vigor e que afecta aos galiñeiros para autoconsumo, ten como obxectivo a mellora no ámbito da sanidade e do benestar animal e do medioambiente, polo que obriga a os propietarios a introducir melloras na xestión das explotacións, no caso das explotacións de autoconsumo basicamente o que ten que formalizar é unha comunicación a autoridade competente do rexistro de explotacións aos efectos de que consten en ditos rexistros; en Galicia esta competencia de rexistro é da Xunta de Galicia.

Chama a atención a “diligencia” coa que a Xunta implementa esta medida en Galicia, cando ningunha das comunidades limítrofes o ten feito. Probablemente responde á estratexia de confrontación permanente co Estado ao pensar que, derivando esta norma do Ministerio, os propietarios de galiñeiros culparían ao goberno de Pedro Sánchez da medida, máxime nun contexto de protestas continuadas do sector primario, onde as tractoradas están facendo unha reclamación permanente de simplificación da “burocracia” que rodea ao sector. Polo tanto, o PP de Galicia utiliza esta norma para intentar desgastar ao Goberno do Estado.

O trámite de comunicación para o rexistro da existencia de galiñeiros, é un trámite sinxelo, que se pode realizar en calquera Oficina de Extensión Agraria (mágoa que a Xunta as teña desmantelado, e as que quedan estean infradotadas de persoal o que dificulta este a calquera outro trámite por parte dos cidadáns); pero tamén se pode facer de xeito telemático co certificado dixital.

A situación viuse agravada tamén pola información difundida dende a propia Administración Autonómica no senso de pretender nada menos que que os vendedores das tendas agrícolas actuasen de policía, requerindo o DNI aos seus clientes, e a xustificación da alta no REGA, negando nada menos que a venda das galiñas, e incluso o pienso de alimentación de non presentar o número de rexistro no momento da compra; asunto que excede con moito as “atribucións” das tendas agrícolas e que incluso pode colisionar co dereito, por exemplo, á protección de datos de carácter persoal.

En calquera caso, dende o Ministerio, con esta norma, trátase de establecer mecanismos de control (especialmente dende a premisa da seguridade para a saúde) dos animais existentes, tal e como xa pasou cos xatos, coas cabras e ovellas e os porcos de autoconsumo. Pero que tamén pasa cos animais domésticos, que deben estar correctamente identificados (incluso con microchips).

A ningún se lle escapa que, debido a múltiples factores como a mobilidade dos animais, o manexo dos mesmos ou incluso o cambio climático, as zoonosis ou enfermidades animais, deben estar controladas e, sobre todo, identificadas as explotacións nas que se producen para garantir a seguridade animal pero tamén a saúde humana.

Nunha Comunidade Autónoma como a nosa, onde o sector primario ten o peso específico que todas e todos sabemos, a sanidade animal é fundamental.



Por iso, máis alá do lóxico “malestar” xenerado na cidadanía pola entrada en vigor desta norma, avivada a polémica de xeito intencionado polo PP nun momento no que o sector está en plena mobilización, debemos entender que esta norma está amparada polo principio de precaución, seguridade para a saúde dos animais e das persoas, e polo tanto o PP debería poñer máis o acento en facilitar o trámite, asumindo as súas competencias en agricultura e ganadería e non axitar á cidadanía en contra dunha norma que pretende loitar pola nosa seguridade”.

Unha vez lido o anterior, don Sergio leva a cuestión ao ámbito de Camariñas e di cando a Xunta empezou pedir que se declararían os porcos de autoconsumo, as ovellas, as cabras e incluso as abellas de autoconsumo, non houbo queixas, en cambio agora cos galiñeiros hai problemas, polo que está de acordo con que hai un fin partidista. En Camariñas houbo a crise da pataca, e había que declararalas e conseguiron que viñeran funcionarios da Xunta a axudar a xente a facer o trámite, e iso é o que debería facer agora a Xunta de Galicia se queren axudar a xente, porque é un trámite sinxelo.

Don Sergio propón a modificación da moción para engadir pedir que aumenten as cámaras agrarias e que reabran a cámara agraria de Ponte do Porto e mentres tanto que traian funcionarios da Xunta para axudar a declarar os galiñeiros.

Dona Paula di que aínda que a moción a manden do partido, ela pode presentala ou non, e a presenta porque houbo varias persoas que lle comentaron o tema, porque non só hai que rexistrar o galiñeiro, tamén hai que comunicar as que morren e as que se compran e a xente queixase deses trámites.

A Alcaldesa di que o descontento é porque teñen que ir de Camariñas a Baio e que eles o que queren é que abra a cámara agraria de Ponte do Porto, porque alí vai a xente encantada a rexistrar as galiñas.

Don Xurxo di que o resume chámase artigo 30.1 do Estatuto de Autonomía, se o PP non está de acordo con esta lei que abra un conflito de competencia, porque ten a competencia exclusiva en materia de gandería e un rexistro de aves é unha cousa sinxela, o que non poden é xerar o pánico e que saturen aos funcionarios da Xunta.

A Alcaldesa propón que se engada á moción a apertura da cámara agraria de Ponte do Porto e don Xurxo pide que se engada instar a Xunta a que exerza as súas competencias en materia de gandería. Dona Paula di que ela quere votar a moción como a formulou.

Dona Paula pregunta se é posible modificar a moción e a Secretaria contesta que o Pleno pode acordar o que queira, que poden emendar a moción.

Procédese á votación da moción como foi presentada polo grupo municipal PP transcrita con anterioridade, co seguinte resultado.

Votos a favor: 4

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



Votos en contra: 8

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 1

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Non hai maioría suficiente

Estado: NON APROBADA

A continuación procédese á votación da moción coa emenda proposta polo grupo municipal PSOE e o grupo mixto-BNG e cuxo texto se transcribe a continuación:

“MOCIÓN SOBRE A NORMATIVA RESPECTO DOS GALIÑEIROS DE AUTOCONSUMO

En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións - corrais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O artigo 16.5 determina o seguinte: “Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas.”

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.

Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuito, están tendo unha maior carga de traballo xa que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.



Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona.

En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.

Insistimos que o sector primario soporta unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural.

Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación de Camariñas a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma.*

Segundo.- *Instar a Xunta de Galicia a que abra a Cámara Agraria de Ponte do Porto de Camariñas para facilitar estes e outros trámites relacionados non só coas galiñas, senón tamén cos porcos, vacas, ovelas, cabras e abellas que temos no Concello.*

Terceiro.- *Instar a Xunta de Galicia que exerza as súas competencias en gandería e agricultura”.*

Procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 4

1 GRUPO MIXTO - BNG



0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta

Estado: APROBADA

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

7º. Decretos da Alcaldía: Do Decreto N° 59/2024, de data 24 de xaneiro ao Decreto 220/2024, do 18 de marzo.

8º.- Dación de conta da rendición 4º trimestre 2023:

- a) Informe do período medio de pago.
- b) Informe de morosidade.
- c) Dación de conta do estado de execución trimestral 4º trimestre 2023. 9º.

9º.- Rogos e preguntas.

Dona Paula formula os seguintes rogos:

- Que teñan en conta o mal estado da carreteira da Grixá, tanto a recta que vai dende o cruce de Camelle, como o que vai dende a Ferralla ao Campo de Fútbol.

- Que cuideades as instalacións municipais e as revisedes, as ultimas que viu foi a Casa de Pedra, a entrada que está subindo as escaleiras, hai moita humidade e a esquerda hai uns interruptores e hai risco de cortocircuíto e no centro de usos múltiples, as portas están mal, unha barra caída, unha caixa de empalmes sen tapa, varias cousas que revisar.

- Que se busque a forma de dotar dunhas novas porteiras na Area da Vila, que o pediron moitas familias.

Don Xurxo formula os seguintes rogos:

- Rexistro de entrada 20249990000194, de data 12 de marzo de 2024, formulou o rogo que a continuación se transcribe **“Xurxo Manuel Rodríguez Baña concelleiro polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o seguinte rogo a alcaldesa de Camariñas.**

A estrada de Ponte do Porto DP-1601 presenta moitas deficiencias en seguridade, recentemente nunha das curvas da baixada dende o Rodeiro cara Camelle chegaron a siniestrarse ata tres vehículos no mesmo día, nos que por sorte non houbo que lamentar ningunha degraza persoal, ascendendo a mais dunha ducia de vehículos accidentados no conxunto da estrada.



Rogamos que se traslade inmediatamente ao servizo de mantemento das estradas de Deputación da A Coruña a necesidade de REPARAR AS BIONDAS DANADAS e que se poñan NOVAS NA SEGUINTE CURVA O ANTES POSIBLE.



Neste plano indícanse as actuacións para facilitar a súa localización.”

A Alcaldesa di que xa estiveron mirando e que lle dixeron que podía ser máis o firme que a bionda.

- Que no próximo Plan de Estradas da Deputación se pida como Concello de Camariñas que se arranxe integralmente dende o cruce ata a Fonte do Caño toda esa estrada, a carreteira vai de mal en peor e hai un problema grave.

- Que se exixa aos propietarios que limpen as parcelas privadas e senón que acúe o Concello de oficio, que limpe o Concello e se pase a factura.

Dona Paula formula as seguintes preguntas:

- Cando tendes pensado sacar a licitación de Aldea Madeira? A Alcaldesa contesta que xa o falou ca



nova secretaria, pero hai que licitar o SAF e outras cousas mais prioritarias e non pode dicir data exacta.

- Hai un gasto de 1.200 euros de Fitur, cal é o motivo polo que a interventora emite informe de reparo? A Interventora contesta que o pago a xustificar é cando non se pode acompañar o documento de pago, o hotel debería pasar a factura con posterioridade, e cobrar cos outros provedores, co pago a xustificar adiantase o pago pero o gasto está ben xustificado. A Alcaldesa di que no caso de facelo por axencia é mais caro.

- Con respecto ao expediente de María del Carmen Canosa López, a que se debeu o despido e a canto ascenden os gastos xudiciais. A Alcaldesa contesta que houbo sentenza e a Interventora explica que a traballadora entrou no procedemento de estabilización e nas bases se pedía carné de conducir, foi un requisito que se negociou cos sindicatos e ela cando entrou presentou carné de conducir, e no momento da estabilización non o tiña, non puido estabilizar e houbo que despedila, fíxose unha consulta a Deputación e dixeron que no caso de que non puidera participar no proceso de estabilización non tiña dereito á indemnización, pero sabíase que no caso de ir ao xulgado ía recoñecerse a indemnización e o despido foi considerado procedente.

Don Manuel pregunta se o único motivo do despido foi non ter o carné de conducir, a interventora contesta que o motivo é que non puido participar no proceso de estabilización, porque non cumpría os requisitos.

- Alugueiro carrozas e tres tronos, 8.470 euros, iso é solo para os dous días de papa Noel e reis, porque lle parece caro. Dona Encarna contesta que son os prezos do mercado, que ela pediu o mais barato.

- Decoración e animación no Nadal, 8.179, iso en que consiste. Dona Encarna di que é a decoración das prazas do Concello, as festas que se fan e un pouco todo.

- Solicitastes instalar aseos, hai unha solicitude de 45.000 euros e outra de 40.000 onde se van a instalar? A Alcaldesa contesta que en Camelle, Lingunde e a Praza de la Iglesia de Xaviña. Dona Paula pregunta en Camelle onde, e a Alcaldesa contesta que na praia. Don Manuel pregunta se son aseos fixos e a Alcaldesa contesta que son como portátiles, como contedores e é só unha subvención de 45.000 euros. Iníciase un debate sobre o custo dos aseos.

Don Xurxo formula as seguintes preguntas:

- Rexistro de entrada 20249990000166, de data 4 de marzo de 2024, “*Dentro dos desfiles da Mostra do Encaixe, ao parecer, se vai celebrar un desfile de unha empresa do téxtil afincada no concello. Como concelleiro portavoz do Grupo mixto-BNG formulo as seguintes preguntas para ser respondidas en pleno: • De ser certa esta cuestión, cal foi o procedemento que se realizou para a escolla da empresa que vai realizar o desfile de roupa? • Convidouse ao resto de tendas do téxtil presentes no concello? • Axustase á legalidade esta escolla?*”. Dona Encarna contesta que a empresa presentou un proxecto, e a ela gustoulle a iniciativa, pero



dita empresa non foi invitada, o Concello aceptou o proxecto, e o ano que ven pode vir calquera outro comercio que estea interesado. A Alcaldesa di que xa llo explicou ao comercio local. Don Xurxo propón que para outras veces se podería abrir unha convocatoria as empresas que queiran participar.

- Rexistro de entrada 20249990000166, de data 4 de marzo de 2024, “O concello de Camariñas estivo presente en FITUR 2024. Como concelleiro portavoz do Grupo mixto-BNG formulo as seguintes preguntas para ser respondidas en pleno: • Cal é o custe total da presenza en FITUR 2024, incluíndo vídeos promocionais, alugueres de espazos de publicidade, gastos de desprazamentos e estancia? • Era necesario a presenza de todas as persoas que acudiron a FITUR representando ao concello? • Que medidas de análise de retorno deste gasto estableceu o concello?” Dona Encarna di que ela ten os gastos, pero que o gasto de Fitur é o que gastan os políticos, porque as outras cousas, como as revistas ou o spot preséntase en Fitur, pero é para todo o ano. Os políticos en tren gastaron 308,70; en hotel 778 e en transporte alí 254, explica que pediu un pago a xustificar de 1.200 euros e devolveu 168,90, que non pasan dietas, porque alí comen pola súa conta. Don Xurxo pregunta polo custo da pantalla de Callao e dona Encarna contesta que foi Callao, o Mercado de San Miguel e un vídeo que fixo a empresa sobre os días de Fitur, e foron 3.968,80 e a cobertura da Voz de Galicia para Fitur foron 2662.

Don Xurxo pregunta se era necesaria a presenza de todos, a Alcaldesa contesta que cada vez que viaxa é por necesidade e cando vai quere levar persoas da súa confianza, as veces coinciden as presentacións e teñen que repartirse.

En canto ao retorno, dona Encarna di que non o ten claro, pero teñen un informe da xente que puido ver o vídeo en Callao e no Mercado de San Miguel, e di que tampouco teñen claro o retorno no caso de no ir.

- Por que segue fora dos rexistros a praia de Camelle, cando xa estaba a punto de volver a entrar, consultou hoxe no SERGAS e sigue saíndo como prohibición permanente para o baño e se hai previsión de facer algo para que se solucione xa. A Alcaldesa di que a eles non lle dixeron nada e don Sergio di que hai unha calificación anual, que é a media dos últimos cinco anos e levan tendo calificación mala, pero nas últimas analíticas daba ben e di que lle parece raro que fagan analíticas nestas datas, porque as fan na tempada de baño.

- A reparación do Canzorro quen a asume, o Concello ou Portos, a Alcaldesa di que o asume o Concello, e que no convenio, o mantemento correspóndelle ao Concello e don Xurxo propón que se inste á Xunta á que o asuma, a Alcaldesa di que xa o instou, pero dixeron que non.

- Por que non se remiten as actas da Xunta de Goberno Local, a Alcaldesa di que é burocrático, porque ela non deu orden de ningún tipo.

- Para cando van a estar os orzamentos, a Alcaldesa di que xa o tiña entregado á interventora para que o informara, pero como o goberno anunciou que non ía haber orzamentos, a subida do 22% da participación nos



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000004

tributos pode aplicarse mediante un decreto-lei, e hai que esperar.

Antes de levantar a sesión, a Alcaldesa informa ao Pleno de que hai un remanente positivo de 786.177 e un período medio de pago de 32 días e con este remanente o orzamento pode cambiar.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 21:19 horas, de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello Eva Jardón López, co visto e prace da Alcaldesa Sandra Insua Rial